



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

José Sánchez-Brunete Varela, secretario de organización e negociación autonómica da CSIF, con enderezo a efectos de notificación conforme consta a pé de páxina,

Que tendo coñecemento por parte desta organización sindical de que foi trasladado á mesa sectorial de ensino un protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2020-2021, sen embargo, non temos constancia que o referido documento ou proxecto análogo fose trasladado aos respectivos órganos de representación do persoal laboral da Consellería de Educación.

Neste senso, lembramos que nos centros de ensino convive persoal docente con persoal laboral non docente tales como persoal de limpeza, de cociña, coidadores ou intérpretes de linguaxe de signos, sendo para o primeiro caso o órgano legal de representación a referida mesa sectorial e para o persoal laboral descrito, os correspondentes comités de empresa.

Así, o dereito á negociación, á información, á consulta e á participación dos respectivos traballadores, segundo procedese, debe levarse a cabo a través dos preceptivos órganos legais de representación, pois o contrario suporía unha vulneración dos dereitos sindicais.

Ademais, é moi importante resaltar que as categorías laborais sinaladas abranguen actividades profesionais que pola súa especificade e particularidade (contacto moi estreito co alumnado, manipulación de alimentos, actividades de desinfección, etc) suxiren inevitablemente dunhas medidas preventivas tamén moi específicas e concretas, así como dunha información e de selo caso formación especializada.

Por todo o exposto, e dado que o referido protocolo recolle actuacións e medidas que, directa e indirectamente afectan ás condicións de traballo do persoal laboral mencionado, solicitamos que de forma inminente e urxente se de traslado aos respectivos órganos de representación do referido documento xunto cun protocolo especializado para estas categorías coa finalidade de abordar de forma inmediata cuestións tales como a carga e o volume de traballo, así como a afectación nas medidas organizativas xunto coas necesidade de información ou formación que fosen necesarias e precisas debido ás medidas a adoptar fronte ao covid-19.

Do mesmo xeito e co mesmo carácter de urxencia, solicítase que se proceda á constitución e convocatoria de todos os comités de seguridade e saúde laboral da Consellería de Educación conformados por persoal docente e non docente, para dar a coñecer as medidas que se adoptan neste ámbito e facer un seguimento continuo destas actuacións.

José Francisco Sánchez-Brunete Varela

(Secretario de organización e negociación autonómica da CSIF)

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2020

CSIF Galicia

Rúa do Valiño, 65, Baixo, 15707 - Santiago de Compostela

☎ 981 560 951 📠 981 575 140 ✉ galicia@csif.es 🌐 www.csif.es/ambito/galicia